


O GALEGO VAI MORRER (II)

Olla con atención a seguinte táboa sacada dos últimos estudos do Instituto Galego de Estatística (IGE, 2018) sobre o uso habitual do galego (% do total) **segundo o tamaño da poboación do concello**:

Tamaño poboación/Ano de enquisa	2003	2008	2013	2018
CONCELLOS PEQUENOS menos de 10.000 habitantes	88%	83%	79%	81%
CONCELLOS CON VILAS GRANDES 10.000-50.000 habitantes	64%	57%	52%	54%
CONCELLOS CON CIDADES máis de 50.000 habitantes	35%	32%	28%	25%

- Debuxa na gráfica a **liña de evolución** para cada tamaño de concello (identifícaaas con 3 cores):



- Cal é a **tendencia xeral** do uso do noso idioma?
- Hai moita **diferenza** entre uns concellos e outros? Coméntaa.
- En que concellos é máis preocupante a baixada? Que consecuencias pode ter isto no **futuro**?
- Cita 2 **medidas** que proporías para cambiar a tendencia nos concellos máis preocupantes.